

Amable Veiga Arias (1929-1994): Retrato dun lingüista excepcional

Unha biografía como a de Amable Veiga debería protagonizar un capítulo especial nas *Vitae* dos importantes lingüistas hispanos. Foi, sen dúbida, un dos grandes lingüistas galegos e, como tal, terá que ser tratado cando se escriba a historia da Lingüística en Galicia e a historia da Lingüística galega. Quizais non é unha Necrolóxica o xénero máis axeitado para debuxar, polo miúdo, o perfil dun home de ciencia, pero nesta ocasión, para colaborar co futuro (que, por incerto, pode ser inxusto) vou aportar datos e datas que, hai tempo, deberían ser referencias elementais no gremio dos lingüistas.

I

Naceu Amable Veiga o día 17 de Abril de 1929 na provincia de Lugo, en Triacastela, topónimo que lle acae a quen, anos despois, exercería como latinista. Estudiu o Bacharelato, non sen dificultades económicas, no Instituto Masculino de Lugo (hoxe denominado *Lucus Augusti*) no que era catedrático de Latín don Froilán López y López, profesor e investigador pouco brillante pero preciso e rigoroso nos seus saberes, rigor co que algunha débeda vai te-lo seu discípulo. Tamén con non poucas dificultades económicas fixo Amable Veiga os estudos universitarios: foi alumno libre nos dous primeiros anos de Filosofía e Letras, en Santiago, e nos tres de Filoloxía Clásica, en Madrid. Entre exame e exame, entre viaxe e viaxe, impartiu, mal pagadas, clases de Latín en Lugo en "pasantías" e casas particulares. Licenciouse en Filoloxía Clásica na Universidade de Madrid (hoxe, Complutense) na que defendeu unha memoria de Licenciatura sobre o estilo indirecto libre no libro VII de *Ab urbe condita* de Tito Livio.

En 1962 obtén, por oposición, a Cátedra de Latín do Instituto Nacional de Ensino Medio de Mieres (Asturias), cuos exercicios aínda hoxe recordan con admiración xuíces e coospositores. Ó tribunal, que presidía Mariano Bassols de Climent, impresionouno, dun xeito especial, a formación do profesor Veiga en Sintaxe, forma-

ción que, en parte, lle viña daquel latinista pouco brillante pero sólido e certo que foi don Froilán López.

Trasladado, xa en Lugo, ó "seu" Instituto en 1964, vai ser nestas datas, xa consolidado como profesor, cando inicie, de cheo, a súa carreira de investigador. Desde 1960 tiveron o honor de ser colega seu durante bastantes anos no mesmo Instituto.

Amable Veiga, a quen eu trataba desde 1955, era un cidadán responsable, un profesor moi comprometido coa súa profesión, un docente serio e eficaz e un home nada seducido polas externidades e sempre satisfeito de estar "lonxe de barafundas" (*procul negotiiis*). Xa nos primeiros encontros con el, que foron en Madrid, marabillábame o ben que falaba. Non era falante "de verbo florido" e superficialmente brillante, pero as súas palabras, na tertulia do café ou nos paseos amistosos, impresionaban, na súa linguaxe sobria, pola súa propiedade, pola súa ponderación e pola súa precisión, cualidades que, a cotío, nos fan pensar nos clásicos. Quero supoñer que ese seu "estilo" non era alleo ó latín dos escritores romanos de máis excelsa e enxebre clasicidade.

II

Vivía Amable Veiga, no Lugo de 1965, nun tecido de relacións e de amizades onde o que predominaba eran as inquedanzas culturais galeguistas. Gran amigo seu foi Celestino Fernández de la Vega, quen, sen ser lingüista, era capaz de opinar con talento en cuestións de Filoloxía galega, desde os problemas do galego literario ó étimo dos máis enrevesados topónimos. Veiga, neste entramado, vai dedica-la súa íntima paixón de investigador non ó latín senón ó neolatín (galego), sempre cun ponderado e atinado criterio filolóxico, pois Amable Veiga non era, politicamente, un nacionalista galego (estaba moito máis próximo a un certo socialismo).

De fins de 1965 é o seu primeiro traballo científico: "Fonología gallega. Fone-mática: el sistema vocálico", *Grial*, 10, outubro-décembro, pp. 390-403. Foi, para algúns galegos ilustrados, un "acontecemento", e foino polo rigor do traballo, pola novidade (a Fonoloxía galega estaba inédita) e polo feito de que o pioneiro desta disciplina non fose un romanista. Coñecía ben, naturalmente, os traballos fonolóxicos de Emilio Alarcos Llorach sobre o español, pero, mentres Alarcos non partía de cero (contou cos luminosos traballos pioneiros de Amado Alonso), Veiga, o fundador da nosa Fonoloxía, foi tamén o precursor. Certo que na teoría dos principios inspírase nos *Principios* de Trubetzkoy, que Veiga aplica, con xeito, ás peculiaridades fónicas do galego.

Na mesma revista, *Grial*, publica o noso autor sete estudos máis entre 1966 e 1974, anos que foron moi adversos para a súa vida. Foi no verán de 1965 cando os médicos lle diagnosticaron unha enfermidade que, nun latinista, parece un sarcasmo: *lupus eritematosus*. De feito, boa parte das páxinas fonolóxicas destes anos foron caviladas e redactadas *in lecto doloris* ou en momentos, aínda os mellores, de frouxidade física. Foi a enfermidade que acabaría coa súa vida, se ben moitos anos despois do que sospeitaban os médicos, anos, pois nos que a súa vontade de vivir foi posta a proba. E no verán de 1971 morre electrocutado por un cable irracional de Fenosa Juan Felipe, un dos seus dous fillos. Amable Veiga non sucumbiu porque estaba á súa beira Teresa Rodríguez Andrade, coa que casara en 1957. A ela dedicarlle, anos despois, a súa tese de doutoramento nestes termos: "A Teresa, mi esposa, compañera en el dolor infinito y en la alegría fugaz". Algo axudamos, naquel trance, creo, aínda que moi pouco, os amigos máis achegados: Celestino Fernández de la Vega, Alicia García Canto, Saturno Lois, José Castro, Eladio Ares, Epifanio Ramos, Ramón Varela, Emilia Pimentel, eu mesmo... Falo da enfermidade e dun fillo perdido porque son as circunstancias nas que (e pese a) Amable Veiga (solitario, cavilante, enviso) fundou a Fonoloxía galega e redactou os seus principais capítulos. Circunstancias importantes son, tamén, os xestos que emiten algúns dos ex alumnos que queren e admiran ó profesor Amable Veiga. Un deles, Arcadio López-Casanova, foi quen lle editou en 1976 o libro *Fonología gallega (Fonemática)* nunha colección, Biblioteca Filolóxica, que López-Casanova codirixía, en Valencia, na editorial Bello.

O volume consta dunha "introducción" (inérita) e dos sete traballos de *Grial*, se ben retocados non sempre minimamente. O asombroso é que este libro, fundacional e sagaz, non suscitara, nin dentro nin fóra de Galicia, unha recensión digna de tal nome. Os estudiosos téñense beneficiado desde un principio destas páxinas de Amable Veiga. O primeiro en facelo foi Ricardo Carballo Calero xa na primeira edición da súa *Gramática elemental del gallego común* (Galaxia, 1966), que non é allea ó primeiro traballo de Veiga publicado en *Grial* un ano antes. Estará presente nas edicións posteriores da *Gramática* aínda que Carballo Calero non sea moi explícito nas súas referencias. Éo, si, o propio Veiga, quen no artigo "Más sobre las vocales" (*Grial*, 28, xuño, 1970) polemiza con Carballo respecto das "vocales largas". Foi este artigo, sen dúbida, o que "obriga" a Carballo a escribir no prólogo da terceira edición da súa *Gramática* (1970): "Agradecer... a don Amable Veiga Arias, catedrático de Latín en Lugo, por las estimulantes críticas de mis opiniones que formula en sus estudios de fonología" (p. 8). Aínda que Carballo Calero fala das "estimulantes críticas", nesa e outras edicións da súa *Gramática* non acepta o planteamento de Amable Veiga. Está no certo o noso fonólogo cando afirma algo tan elemental como que non existe oposición fonolóxica en galego entre vocal longa e vocal breve. Está na liña de Veiga

a *Gramática galega* de Rosario Alvarez, X. L. Regueira e H. Monteagudo (Galaxia, 1986): "Non existen en galego fonemas vocálicos longos..." (p. 17).

Amable Veiga volve polemizar con Carballo nun artigo moi pouco coñecido ("Do vocalismo galego") publicado, certamente, nun lugar insospeitable: *Galicia ano 70* (Lugo, Celta, 1971), volume que eu coordinei. Nel tamén polemiza con Manuel Vidán, que acababa de publicar en *La Voz de Galicia*, na súa sección "Da nosa fala", tres artigos nos que afirma, para o galego, a existencia de oito (non de sete) vocais.

III

Os profesionais ben informados opinan, con razón, que o outro gran título na biografía científica de Amable Veiga é a súa tese de doutoramento: *Algunas calas en los orígenes del gallego*. Lida en decembro de 1980 ante un tribunal que a calificou de "sobresaliente cum laude", foi publicada pola editorial Galaxia (Vigo) en febreiro de 1983. Dirixida por un latinista especialista en latín medieval, o profesor Manuel C. Díaz y Díaz, o latinista Amable Veiga fai unha exploración lingüística nos documentos latinos dos séculos IX, X, XI e XII nos que, coa súa sagacidade e co seu saber, detecta e examina romancismos que iluminan as orixes da lingua galega. Estamos, pois, ante un libro que non difire, na "idea", en moito, da obra magna de Menéndez Pidal (*Orígenes del español*, 1926). Con esta tese, Amable Veiga convértese no doutor máximo en prehistoria da lingua galega.

As *Calas* tiveron un éxito de crítica que proba, ó meu ver, que os lingüistas tiveron que renderse, por fin, ante a calidade e a orixinalidade do "discurso" filolóxico de Amable Veiga. O *Repertorio bibliográfico da Lingüística galega* de Francisco García Gondar (Instituto Ramón Piñeiro, 1995) consigna as seguintes: Xesús Ferro Ruibal (*Encrucillada*, 32, 1983), Ignacio Pérez Pascual (*Verba*, 22, 1984), José Jurado (*Revista de Filología Española*, 1987), Carlos Folgar (*Vox Romanica*, 47, 1988) e María R. Pérez Rodríguez (*Revista de Filología Románica*, 1990). Voces próximas e voces alleas recoñecen a pericia e o rigor lingüísticos de Amable Veiga e a entidade dun libro como *Algunas calas...*, unha obra mestra, como afirma Ferro Ruibal, quen, por outra parte, explícanos: "Case mil textos lidos con atención e analizados con perspicacia para extraer namais noticias sobre dez fenómenos fonéticos que estaban marcando a orixinalidade do galego fronte a outras linguas romances irmás: as labiovelares "qu" e "gu", o "w" xermánico, os grupos latinos "rs", "pl", "cl" e "fl", os diptongos "ei" (romance) e "au" (latino), a contaminación, os neoloxismos e o tratamento do "l" e máis do "n" intervocálico". José Jurado, profesor da Carleton University (Ottawa), considera a tese de Amable Veiga como "jalón fundamental en el estudio de la fonología histórica del gallego". Sobre a "modestia" da investigación

opina o profesor Jurado: "Precisa el profesor Veigá que las distintas formas escritas de una determinada voz romance no necesariamente han de representar una exacta conformación gráfica de la realidad hablada, sino que, en muchos casos, son, en efecto, simples acomodados o elaboraciones gráficas, más o menos próximas a la de la lengua oral, realizadas por el notario (o por quienquiera que sea quien escribe el documento donde aparece) sobre modelo latino. Es decir, formas romances retocadas intencionalmente por el clérigo-escritor a las que, sin perder la inteligibilidad de las mismas para el lector gallego del tiempo, se les da un tinte o apariencia latina, consecuente al resto del texto escrito en latín. Circunstancia ésta favorecida, en verdad, por el hecho de que el latín, habiendo perdido en gran medida su fonética tradicional, se pronunciaba ya con una gran carga de fonetismo romance. Tal idea, que el catedrático de Lugo se limita a proponer sólo en relación con el gallego, objeto exclusivo de su estudio, puede muy bien hacerse extensiva, con base en los mismos argumentos aportados por el autor, a cualquiera otra lengua romance en sus orígenes con las consecuencias inherentes. El punto es de suma importancia, pues, de aceptarse, habría que admitir también, como así piensa Veiga, que las distintas formas escritas de una determinada palabra en estos documentos tempranos "rara vez" (quizás preferible suavizado a *muchas veces no*) "suponen un verdadero correlato de voces de la lengua hablada" (p. 296), ni necesariamente han de representar otras tantas posibilidades en pugna por sobrevivir, según se tiende a explicar en los manuales *ad usum* de gramáticas históricas".

IV

Habría que reunir en volume os traballos fonolóxicos posteriores a 1976 publicados na revista *Verba* e noutros lugares; tamén os de Onomástica. Ese volume debería acoller certos traballos menores anteriores a 1976, pero que proban a sagacidade do profesor Veiga. Recordo, dun xeito especial, "Il corre... que..." (*Grial*, 14, 1966), no que aclara, contra o meu parecer e o de Carballo Calero (se ben, distintos) que ese "il", no famoso verso de "A Virxe do Cristal", cumpre unha "función catafórica... en la que pervive el *ille* latino de *illud miror quod...*". Teño a impresión de que Carballo non tivo en conta este breve e revelador artigo en ningunha edición da súa *Gramática*. Creo que tampouco o teñen en conta Rosario Alvarez *et al.*

Para termos unha idea precisa das aportacións de Amable Veiga nos distintos eidos da Lingüística galega habería que ofrecer ó lector dese volume (complementario dos outros dous e de homenaxe ó autor, asemade) unha reseña, a publicada na *Revista Española de Lingüística* (1989, pp. 459-67) sobre o libro de Clarinda de Azevedo Maia *História do galego-portugués. Estado lingüístico da Galiza e do Noroeste de*

Portugal desde o século XIII ao século XVI (com referéncia á situación do galego moderno), Coimbra, 1986. Son tantas e tantas as observacións críticas que Amable Veiga lle fai ó libro da profesora Maia que sería de xustiza que na segunda edición figurase como apéndice do mesmo, pese a que Veiga recoñece, de entrada, que se trata dunha "obra singularmente interesante para los estudiosos de ambas linguas, en particular, y para los romanistas, en general...".

V

Amable Veiga escribiu moi poucas páxinas da súa especialidade (das súas especialidades científicas) en galego. Aínda que non estaba alleo ós esforzos feitos por amigos seus no eido do ensaio e do pensamento (os traballos de Celestino e de Ramón Piñeiro), el, tan comprometido co rigor e coa precisión, redactou os seus estudos na lingua que, segundo el, lle planteaba menos problemas para escribir con precisión e rigor. Bo falante de galego, lingua dos seus pais e dos seus irmáns, e interesado intelixentemente nos fenómenos da fala viva (os fónicos pero tamén os gramaticais e os léxicos), hai unha parcela do seu labor intelectual que realizou en lingua galega: a parcela literaria, pero non como creador, senón como traductor.

En efecto, nos derradeiros anos da súa vida, xa coa saúde moi quebrantada, Amable Veiga traduciu (e anotou) os XV libros dos *Epigramas* de Marcial, tradución que, segundo as miñas noticias, axiña publicará don Manuel C. Díaz y Díaz na súa colección Clásicos en galego, colección na que xa apareceron textos de Plauto, Terencio, Tibulo, Catulo, Fedro, Petronio... Foi Marcial un gran poeta menor na extraordinaria constelación de poetas latinos. Dotado, como moi poucos, para o enxeño, o alferrón mordaz e certas peculiaridades do realismo lingüístico, estamos impacientes por le-la versión de Amable Veiga, rigoroso latinista e tan bo coñecedor dos modos populares e retranqueiros do idioma galego. Foi Marcial, como ben se sabe, un poeta adulator e pedichón —un Villasandino de Calatayud—, feitura moral que non sei como comentará Amable Veiga, cidadán recto e insólito pola súa honradez. O que importa, sobre todo, é que se publique canto antes este traballo do noso gran latinista. Sería tamén unha homenaxe, póstuma, ó seu traductor.

VI

Non é esta a única tradución galega dun texto latino feita por Amable Veiga. Desde o latín da *Vulgata* traduciu en 1962, a pedido meu, o *Evanxeo* de San Mateo, versión aínda inédita, que prologou o sacerdote lugués Germán Alonso, que acaba de

falecer na súa cidade. Germán Alonso, amigo común, era colega noso no Instituto masculino de Lugo onde impartía a asignatura de Relixión.

Foron estes os anos en que coincidín, para a miña sorte, con Amable Veiga nese Instituto, do que tantas saudades teño. Fomos colegas (*stricto sensu*) de 1960 a 1962 e de 1964 a 1973. Neste ano solicita o traslado ó Instituto Xelmírez de Santiago de Compostela, onde exercerá ata 1977. Volto a Lugo, será director durante varios cursos do "seu" Instituto, que xa non era o "meu" desde 1976.

Comprometido nas tarefas de dirección coa honradez, seriedade e entrega a el inherentes, aínda lle roubou á súa enfermidade as horas precisas para redondea-la tese de doutoramento e elaborar algún outro traballo.

En 1993, a enfermidade obrigao, anticipadamente, á xubilación como catedrático de Instituto. Termina neste ano unha longa e fértil carreira docente ó servicio do Latín, nun tempo, para as Humanidades clásicas, cada vez máis menesteroso, menesterosidade que tanto o magoaba como latinista e como cidadán da República das Letras. Non é a primeira vez que alguén se laia de que o profesor Amable Veiga non exercese a docencia, sobre todo nos anos da súa madurez, nunha cátedra universitaria. Pero esta carencia na súa vida e esta desgracia obxectiva para a nosa Facultade de Filoloxía estaban inscritas, dalgún xeito, nos primeiros anos da biografía do neno aquel que era fillo dunha modesta familia e foi "educado" nun fogar humilde e sen libros nos primeiros anos da dura Posguerra.

Foi Amable Veiga, como adianto no título desta necrolóxica, un lingüista excepcional, e foino porque, máis alá da súa intelixencia para entende-los fenómenos lingüísticos, elaborou traballos que, por careceren de precursores, foron, por tanto, unha excepción. Tamén como lingüista, como home que se dedica a certas parcelas da Lingüística galega (a Fonoloxía, sobre todo), foino en solitario e nun clima átono e cativo.

Amable Veiga Arias morreu ós 65 anos, idade, hoxe, na que moitos homes de Letras elaboran os seus libros fundamentais e testamentarios. Nacera en Triacastela o 17 de abril de 1929 e faleceu no seu fogar de San Pedro de Benquerencia (Lugo) o 22 de abril de 1994.

Amable, sabio e bo amigo:

sit tibi terra levis.

XESÚS ALONSO MONTERO